



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria- interventora de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE, APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA MELLORA CAPA DE RODAXE IGREXA DE TROITOSENDE AO LÍMITE DE AMES “[POS 2023]” E A APROBACIÓN DO GASTO

Expte. TEDEC: 2024/C003/000003 (Contrato).

Expte. TEDEC: 2024/G003/000538 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (en diante LRXSP).

Vistos os seguintes datos relativos ao expediente de contratación:

- **Procedemento:** Contrato de obras mediante procedemento aberto simplificado
- **Expediente:** 2024/C003/000003
- **Documento:** Aprobación do expediente, a apertura do procedemento de adxudicación e a aprobación do gasto
- **Órgano de contratación:** A Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde no decreto núm. 410/2023, do 19 de xullo de 2023.
- **Asinante:** Alcalde-Secretaria

Características principais do contrato que se pretende executar

- Procedemento: aberto simplificado
- Tipo de contrato: obras
- Obxecto: *Mellora capa de rodaxe Igrexa de Troitosende ao límite de Ames [POS 2023]*
- Tramitación: ordinaria
- Código CPV: 45233223 traballos de repavimentación de calzadas
- Valor estimado do contrato: 70250,35 € (IVE excluído)
- IVE: 14752,57 € (21,00 %)
- Presuposto base da licitación: 85002,92 € (IVE incluído)
- Duración da execución: 6 meses

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 O alcalde, no decreto núm. 410/2023, do 19 de xullo de 2023, delegou na Xunta de Goberno Local, entre outras, esta competencia:

A contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cuxa contía no exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, nin do 50 por 100 do límite xeral aplicable á contratación directa, así como de todos aqueles outros que, excedendo da citada contía, teñan unha duración non superior



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- 2 Logo de ver a necesidade de acelerar os trámites para posibilitar, o máis axiña posible, o inicio da contratación das obras identificadas dado que está suxeita a prazos inaprazables e para os efectos de lograr unha maior axilidade e celeridade no procedemento de adxudicación, é necesario e conveniente avocar, para este procedemento concreto, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local.
- 3 Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente, ao abeiro do artigo 10 da LRXSP.
- 4 O expediente de contratación foi tramitado conforme prevé o artigo 116 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014LCSP, (en diante LCSP), e que se xustificou cumpridamente o uso na adxudicación do contrato do procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), xa que logo é de aplicación o artigo 122 da LCSP. No procedemento aberto, todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).
- 5 Logo de ver o expediente de contratación tramitado e examinada a documentación incorporada, cumpridas tódalas formalidades requiridas pola normativa de aplicación e de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda da LCSP.

Correspóndenlles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e en aplicación do artigo 10 LRXSP e a disposición adicional segunda da LCSP, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 410/2023, de data 19 de xullo de 2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a obra denominada "*Mellora capa de rodaxe Igrexa de Troitosende ao límite de Ames [POS 2023]*".

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente, segundo se indica:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	453.619	85002,92 €

Cuarto.- Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos técnicos particulares, (proxecto técnico), que rexerán o contrato. Tomaranse os confeccionados polo Departamento de Contratación e Patrimonio da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto.- Publicar a licitación no perfil do contratante.

Sexto.- Publicar no perfil do contratante a documentación que corresponda do expediente de contratación, en particular a memoria xustificativa, o prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto técnico e a composición da Mesa de Contratación, (o Pleno da Corporación municipal, na sesión do 7 de febreiro de 2024, acordou a constitución da Mesa de Contratación Permanente para todo tipo de expediente de contratación nos que sexa preceptiva e para aqueles nos que potestativamente, se decida que exista (BOP núm. 35 do 19/02/2024). A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Sétimo.- Dar conta do presente decreto ó Pleno e ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a aqueles outros terceiros interesados que obren no expediente.

Mándao e asíno o Sr. alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu a secretaria-interventora, Rocío Caamaño Gerpe, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.